



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE do 14 de XUÑO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día catorce de xuño de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(441).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(442).- PROPOSTA DE ADQUISICIÓN MEDIANTE POXA DE OBXECTOS E OBRAS DE ARTE DE ANTONIA BAÑUELOS THORNDIKE, SEGUNDA ESPOSA DE FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN, MARQUÉS DE ALCEDO. EXPTE. 7621/337.

Visto o informe xurídico do 13/06/2024 e o informe de fiscalización do 14/06/2024 sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/06/2024 asinado polo director do Museo, o xefe do Servizo de Museos e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 7.06.24 a Concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística resolveu incoar o procedemento necesario para adquirir os bens que se consideren oportunos, a través do director do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León", na poxa "Antonia Bañuelos-Thorndike, últimos recordos íntimos e varios" que se celebrará o vindeiro sábado 15 de xuño ás 14.00 horas. Esta subasta é exclusiva da empresa *SRL Côte Basque Encheres* que é quen a executa.

Visto o cal o director do museo municipal, a partir do estudo da totalidade dos lotes en poxa; emite en data 10.06.24 informe xustificativo, coa conformidade do xefe do servizo de museos e do concelleiro delegado de Cultura; no que selecciona para adquisición os lotes que se especifican no anexo deste informe. Os elementos principais do informe xustificativo figuran a continuación.

I. CONSIDERACIÓNS PREVIAS NA SELECCIÓN DE OBXECTOS E OBRAS DE ARTE DA COLECCIÓN EN POXA

A colección en poxa está formada por **332 obxectos e obras de arte**, propiedade da pintora Antonia Bañuelos - Thorndike, segunda esposa de Fernando Quiñones de León; procedentes da casa do matrimonio "Ville Alcedo" de Biarritz, actualmente desaparecida.

Para realizar a selección dos bens que se considera oportuno adquirir para o museo municipal, seguíronse os criterios que a continuación se indican.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1) En primeiro lugar descartouse completamente todo o mobiliario ao non ter certeza plena da súa relación co Pazo de Castrelos. Dispón por outra parte o museo dunha moi ampla colección de mobiliario artístico moi similar e mesma época do que sae en poxa.

2) Descartanse todas as obras de arte (cadros, escultura, etc...) que non teñen relación directa con Fernando Quiñones de León, agás algúns exemplos de notable interese artístico.

3) Aprezase igualmente o conxunto de obras da pintora Antonia de Bañuelos que forman a sección I do informe. A segunda esposa de Fernando Quiñones de León foi recoñecida artista no seu tempo; e na actualidade experimenta unha importante revalorización dada súa mestría técnica, especialmente tras ser incluída na exposición "*Invitadas*" realizada polo Museo do Prado entre 2020 e 2021.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

Desta pintora non consideramos o presunto retrato do Marqués de Alcedo (Nº 176) polas inexactitudes físicas do representado respecto ó Marqués. Incorporamos pola contra unha obra que se ben non está asinada, por temática e características técnicas atrevémonos a considerar atribuíble á pintora (Nº 290).

3) Descartanse a maior parte dos obxectos decorativos que non presentan vinculación directa con Fernando Quiñones de León, se ben parece de interese poxar por algún obxecto en particular pola súa singularidade ou alta calidade técnica.

IDENTIFICACIÓN DAS OBRAS E DO SEU INTERESE

Nas definicións dos obxectos seleccionados, agrupados en seccións temáticas, cada obra vai identificada polo número do catálogo da poxa que se achega como anexo.

Establecese asemesmo un sinxelo método de recoñecemento do interese mediante o uso de asteriscos, correspondendo tres asteriscos (***) ás obras máis interesantes e un asterisco (*) ás de menor interese.

VALOR ECONÓMICO DO CONXUNTO DE OBRAS SELECCIONADAS

Respecto ós valores de cada obra márcanse os sinalados pola casa de poxas como mínimo de saída e máximo estimado.

A superación deste último durante a poxa significaría que o museo renuncia a continuar poxando; co obxecto de non superar o prezo máximo establecido que se indica como tope.

Non obstante de decaer a adquisición dalgunha peza por este motivo, optarase por incrementar o valor de poxa noutras pezas sempre que o prezo final non supere o prezo máximo final establecido.

Ao valor dos obxectos e obras de arte debe sumarse asemesmo o TVA (imposto de valor engadido en Francia) que é do 20 %; así como o pagamento da comisión da casa da poxas que é do 24%.

A suma dos valores de todas as obras seleccionadas resulta ser de 28.030 euros, do que resulta un TVA de 5.606 euros; e unha comisión da casa de poxas de 6.727,20 euros; sendo o prezo máximo final de adquisición dos bens seleccionados, **40.363,20** euros.

Visto todo o cal coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos; do Concelleiro Delegado de Cultura; da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

1. Autorizar a participación do Concello de Vigo na poxa internacional “*Antonia Bañuelos-Thorndike, últimos recordos íntimos e varios*” a celebrar o 15 de xuño de 2024 na casa de poxas francesa *Côte Basque Encheres*; para a adquisición dos lotes seleccionados polo mu-

seo municipal, especificados no ANEXO, por un importe máximo de 40.363,20 €, todos os gastos e impostos incluídos.

2. Designar ó director do museo municipal “Quiñones de León”, como representante do Concello de Vigo, para participar na poxa internacional “*Antonia Bañuelos-Thorndike, últimos records íntimos e varios*” a celebrar o 15 de xuño de 2024 na casa de poxas francesa *Côte Basque Encheres*; ao obxecto de adquirir os lotes seleccionados en poxa polo importe máximo autorizado.

3. Autorizar e dispoñer gasto por un importe máximo de 40.363,20 €, para facer fronte ós gastos derivados da adquisición dos lotes que merque o Concello de Vigo, a través do Director do museo municipal Quiñones de León; na poxa internacional “*Antonia Bañuelos-Thorndike, últimos records íntimos e varios*” a celebrar o 15 de xuño de 2024; a favor da casa de poxas SARL CÔTE BASQUE ENCHERES, SIRET 791 314 784 00012; NÚMERO DE TVA FR23791314784; con cargo á partida 91206890000 “Adquisición de obras de arte”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO.-

RELACIÓN DE LOTES SELECCIONADOS PARA A SÚA ADQUISICIÓN DO CATÁLOGO DA POXA “*Antonia Bañuelos-Thorndike, últimos records íntimos e varios*”

SECCIÓN I. OBRAS DA PINTORA ANTONIA DE BAÑUELOS

163. Antonia BAÑUELOS—THORNDIKE

Rapaz como pirata

Bosquexo en óleo sobre lenzo
41 x 31 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 200 / 300 €

Interese da súa adquisición: **

165. Antonia BAÑUELOS—THORNDIKE

Retrato da artista coas súas dúas fillas Isabelle e Antonia

Cadro inacabado e non asinado.
198 x 147 cm

*Inclúe unha fotografía de época representando as dúas fillas da artista co seu nome marcado a tinta (22,5 cm x 15,5 cm)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 400 / 600 €

Nota: Antonia de Bañuelos e as súas dúas fillas pasaron longas tempadas no Pazo de Castrelos entre 1895 e 1906.

Interese da súa adquisición: ***

169. Antonia BAÑUELOS—THORNDIKE

Toneta (Antonia filla da artista) ou Nena con lazada azul

Óleo sobre tea con monograma

42 x 33 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 300 / 500 €

Nota: Filla menor da pintora. Pasou longas tempadas no Pazo de Castrelos entre 1895 e 1906.

Interese da súa adquisición: *

171. Antonia BAÑUELOS—THORNDIKE

Neno dormido co seu can

Óleo sobre tea, asinado e datado en 1885.

84 x 128 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 10.000 / 15.000 €

Interese da súa adquisición: ***

172. Antonia BAÑUELOS—THORNDIKE

Conversa de nenos

Óleo sobre tea inacabado

150 x 111 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 400/600 €

Interese da súa adquisición: **

177. DIPLOMA ORIXINAL DE RECEPCIÓN DA MEDALLA DE BRONCE DE ANTONIA DE BAÑUELOS-THORNDIKE

Diploma da República Francesa pola Exposición Universal de París de 1889

Papel impreso

56 x 72 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 80/120 €

Interese da súa adquisición: *

290. ANÓNIMO ESCOLA ESPAÑOLA (ATRIBUIBLE A ANTONIA DE BAÑUELOS-THORN-DIKE)

Nena durmida
Século XIX, finais.
Óleo sobre madeira
64 x 93 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 800/1.200 €

Interese da súa adquisición: **

SECCIÓN II. OUTRAS OBRAS DE ARTE

Seleccionase a seguinte obra de arte pola súa calidade técnica e pertinencia da súa incorporación á colección municipal de arte antigo.

81. ESCOLA ESPAÑOLA

Memento Mori
Ca. 1600
Papel
14,5 x 11,5 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 1.500/2.000 €

Interese da súa adquisición: **

SECCIÓN III. OBXECTOS ASOCIADOS Á FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN

183. SALVADOR MARTÍNEZ CUBELLS

Retrato de Don Cayo Quiñones de León
Século XIX
Óleo sobre tea
95 x 70 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 800/1.200 €

Interese da súa adquisición: **

Nota: Pai de Fernando Quiñones de León, Marqués de Alcedo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

185. TAPETE DE ALTAR CO ESCUDO DE ARMAS DA FAMILIA QUIÑONES DE LEÓN

Finais del siglo XVIII – principios del siglo XIX
Seda/bordado
40 x 91 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 100/150 €

Interese da súa adquisición: ***

186. TAPIZ CO ESCUDO DE ARMAS DA FAMILIA QUIÑONES DE LEÓN

Século XVIII
La policromada
253 x 180 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 600 / 800 €

Interese da súa adquisición: ***

199. CATRO GRANDES BANDAS CRUZADAS DE CONDECORACIÓN, PROBABLEMENTE PERTENCENTES A FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN

- Dous da Orde de Isabel a Católica (España), con nós.
- Dous vermellos posiblemente da Orde da Lexión de Honor (Francia).

Século XIX
Tea

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 150 / 200 €

Interese da súa adquisición: *

200. SEIS PEZAS DE CONDECORACIÓN, PROBABLEMENTE PERTENCENTES A FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN

- Tres bandas da Orde de Isabel a Católica (España)
- Un fragmento de garavata de San Gregorio o Grande
- Dúas bandas da Orde da Aguia vermella de Prusia, dous modelos
- Unha banda posiblemente da Lexión de Honor (Francia)

Século XIX
Tea

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 300 / 400 €

Interese da súa adquisición: *

229. DEZASEIS BOTÓNS PRATEADOS CON COROA DE MARQUÉS PERTENCENTES A FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN

Diámetro, 3 cm

Engade botón grande en cabuxón, dous botóns pequenos en cabuxon con coroa de marqués e nove botóns en metal prateado plano

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 40 / 60 €

Interese da súa adquisición: *

231. NOVE BOTÓNS VARIOS, ENTRE ELES UN CO ESCUDO DE ARMAS DOS QUIÑONES E VARIAS CHALEQUERAS METÁLICAS

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 10 / 50 €

Interese da súa adquisición: **

197. UNIFORME OFICIAL DO CONDE MIGUEL BAÑUELOS, SOGRO DE FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN

Traxe bordado español. En pano negro, bordado no pescozo, bocamangas, nó da cintura e petos en fío de ouro y canetille (oxidación). Botóns dourados con grandes armas reais españolas. Forro vasco en pano vermello. (Tal cual, desgaste y agujeros de polilla). Con trece botóns complementarios en metal dourado con grandes armas reais españolas. Puño de veludo negro, con liga trenzada de prata, distintivo narciso, adornado con borla en suite terminando con flecos en pasamanería dourada.

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 150 / 200 €

Interese da súa adquisición: **

209. ARMARIO PRATEIRO

Carballo encerado con monturas de latón e tiradores laterais de bronce.
Asinado Odier, prateiro en París
Século XIX
Altura 69 cm ; Anchura 82 cm ; Profundidad 47 cm

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 150 / 200 €

Interese da súa adquisición: *

Nota: relacionado co Lote 210

210. CONXUNTO DE PEZAS DE MENAXE

Maison ODIOT, Prévot et Cie.
Prata



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

Século XIX

O conxunto comprende :

- unha pequena verdureira tapada con borde de rosca acanalada (Diam. 17,5 cm; Peso bruto: 115 g)
- dúas tapas redondas (Diám. 21 cm; Peso bruto: 827 g)
- unha tapa de verdureiro gravada co escudo dos Quiñones de León (Diám. 21 cm; Peso bruto: 380 g)

ENGADIDO: Unha tapa de verdureiro de prata 950 con asa de gran botón floral, gravada co escudo do Conde Bañuelos (Diam. 23 cm; Peso bruto: 715 g)

Estuche de cadea de menaxe ODIOT con praca de latón co escudo de armas da familia Quiñones de León (Alto 41,5 cm; Ancho 61 cm; Fondo 36,5 cm)

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 1.000 / 1.200 €

Interese da súa adquisición: **

216. GRAN FONTE OVALADA DE PRATA GRAVADA CO ESCUDO DE ARMAS DOS QUIÑONES DE LEÓN

Maison ODIOT, Prévot et Cie

Prata.

Século XIX

Borde festonado roscado e peches de acanto

37 x 48 cm

Peso bruto: 1536 g

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 700 / 800 €

Interese da súa adquisición: ***

217. XOGO DE VAIXELA DE MESA CO ESCUDO DE ARMAS DA FAMILIA QUIÑONES DE LEÓN CON LEMA E COROA DE MARQUÉS CON AGUIA

Marcas de varios fabricantes

Porcelá branca

Século XIX

Formado por 74 pezas:

- 43 pratos chan (24 cm)
- 19 platos de sobremesa (21,5 cm)
- 10 bandeixas para tazas
- 1 tapa de verdureiro
- 1 tapa de sopeira

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 200 / 400 €

Interese da súa adquisición: ***

223. LIBRO “LOS MERINOS MAYORES DE ASTURIAS Y SU DESCENDENCIA”, BLASS ED, MADRID, 1918-1925. AUTOR: FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN, MARQUÉS DE ALCEDO.

Procede da Biblioteca persoal do Marqués de Alcedo.

Contén diversas anotacións e correccións marxinais do autor e varias notas manuscritas orixinais do autor encadernadas fóra do texto.

Engade adxunto: d. L. de BANUELOS y de la CERDA, Libro de la Jineta y descendencia de los caballos Guzmanes, Madrid, 1877. In-8 en media encuadernación. Ex. 235 para el Marqués de San Carlos.

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 250 / 300 €

Interese da súa adquisición: ***

224. LIBRO “ESSAIS DIVERS”, ED. ELPHONS LEMERRE, PARÍS, 1911. AUTOR: FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN, MARQUÉS DE ALCEDO.

Procede da Biblioteca persoal do Marqués de Alcedo.

Páxinas libres enriquecidas con gravados pegados e subtitulados a mano polo autor. Cun poema manuscrito "La Viellesse", nunha folla libre pregada, firmado Papa, localizado Biarritz e datado 19-1-10.

Con Ex-libris Alcedo.

ADXUNTO: Enrique LARRETA, La Gloria de don Ramiro, ed. V. Suarez, Madrid, 1908.
Con carta autógrafa do autor ó Marqués d'Alcedo datada en Biarritz, 1914.

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 50 / 60 €

Interese da súa adquisición: ***

225. LIBRO “LE CARDINAL DE QUINONES ET LA SAINTE LIGUE”, BAYONNE, 1910. AUTOR: FERNANDO QUIÑONES DE LEÓN, MARQUÉS DE ALCEDO.

Primeira plancha estampada en ouro coa figura do Marqués d'Alcedo baixo coroa. Ex libris.

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 50 / 60 €

Interese da súa adquisición: ***

227. CONXUNTO DE TRES LIBROS PROCEDENTES DA BIBLIOTECA DO MARQUÉS DE ALCEDO

- W. FARRAR, With the Poets: a selection of English Poetry, Londres, ed. Suttaby 1883.
- O. FEUILLET, Monsieur de Camors, París, Michel Levy, 1875.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

- A. DAUDET, Sapho, París, Maison Quantin ed. 1888.

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 50 / 60 €

Interese da súa adquisición: **

228. CONXUNTO DE LIBROS PROCEDENTES DA BIBLIOTECA DO MARQUÉS DE ALCEDO

- Crónica de D. Álvaro de Luna, condestable de los Reynos de Castilla y de León, 2ª edición, por A. de Sancha, Madrid, 1734.

- J. KLACZKO, Julio II, ed. Plon, París, 1898.

- A. MUNOZ, Viaje de Felipe Segundo a Inglaterra, Madrid, 1877. Ex. 40 para el Marqués de San Carlos.

- d. M. COLMEIRO, Reyes cristianos desde Alonso VI hasta Alfonso XI (...), s.d..

- M. GACHARD, Don Carlos et Philippe II, 2ª ed. de Lévy ed. París, 1867.

Con unha carta do autor ó Marqués de Alcedo.

- P. CHAMPION, Louis XI le dauphin, tome 1er seul, 2ª edn, París, 1928

- CABRINANA, Lances entre Caballeros, código del honor en Espana, Madrid, 1900.

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 80 / 120 €

Interese da súa adquisición: **

222. COPA DO TORNEO DE TENIS "SAN CARLOS DE PEDROSO"

Casa Mappin & Webb

Prata (925)

Agosto de 1911

Altura: 22,5 cm - Peso bruto: 304 g

Copa obtida polo Marqués de Alcedo no citado torneo.

Prezo de saída/estimado de venta máxima: 100 / 150 €

Interese da súa adquisición: ***

SECCIÓN IV. OUTROS OBXECTOS SINGULARES E/OU DE INTERESE ARTÍSTICO

44. VASO ÁNFORA BALAUSTRÉ

Italia

Loza vidrada

Século XIX

Franqueado por dúas asas en forma de quimeira. O corpo decorado en dous medallóns cunha representación da procesión de Anfitrite e Hermes e Afrodita. Fuste arremuiñado, decorado con tres delfíns sobre base circular e plinto cilíndrico. A tapa ten forma de neno recollendo unha flor.

Altura 100 cm

Prezo de saída/estimado de venda máxima: 300 / 500 €

Interese da súa adquisición: ***

239. ARMARIO LICOREIRA

Época Napoleón III (1852-1870)

Alto 27 cm; longo 32 cm; fondo 25 cm

Chapa de madeira de olmo con filete negro, que se abre a través dunha solapa decorada con incrustacións de nácar, revelando un servizo de licor en cristal tallado **de estilo grego** formado por catro frascos e 16 copas sobre catro pequenos pés esféricos.

Prezo de saída/estimado de venda máxima: 300 / 500 €

Interese da súa adquisición: **

248. PORTACARTAS IMITANDO CONXUNTO DE LIBROS ANTIGOS

Século XIX

Forrado con decoración en trampantollo imitando bordes de libros antigos e ribeteado en coiro dourado. A tapa abatible revela tres compartimentos escalonados para cartas.

Alto 24 cm; ancho 16 cm; fondo 23 cm

Prezo de saída/estimado de venda máxima: 50 / 100 €

Interese da súa adquisición: **

321. LICOREIRA IMITANDO PILA DE LIBROS ANTIGOS

Licoreira feita de encadernacións de libros antigos e interior forrado de coiro.

Altura 30 cm : Anchura 46 cm ; Profundidad 32 cm

Inclúe conxunto de botella e catro copas estilo Baccarat con corte de cristal con palmetas e punta de diamante.

Prezo de saída/estimado de venda máxima: 150 / 200 €

Interese da súa adquisición: **



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

3(443).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “X PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA”. EXPTE. 11812/307.

Visto o informe de fiscalización do 14/06/2024 sométese a aprobación a PROPOSTA da Mesa de Contratación da mesma data, que di:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do “X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11812-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do “X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11812-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO X PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 4 de abril de 2024.

3º.- Autorizar o gasto total de CENTO OITENTA MIL SESENTA EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (180.060,65 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA E UN MIL DOUS CENTOS CINCUENTA EUROS DEZANOVE CÉNTIMOS (31.250,19 €) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de xuño de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 4 de xuño de 2024, de REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. en virtude dos apartados 6A e 7A do Anexo I (FEC) e a cláusula 14.3.B) do PCAP que indica que “A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias: (...) A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6A das FEC.”, xa que a licitadora presenta dous documentos nos que declara, por un lado, que “(...) NO PRESENTA MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCION TECNICA DA OBRA PARA LA OFERTA (...)” e, por outro, que “(...) NO PRESENTA PLAN DE AFORRO ENERXETICO E PROGRAMA DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS PARA LA OFERTA (...)” sendo a Memoria Construtiva e o Plan de Aforro Enerxético e Programa de Actuacións Medioambientais, o contido establecido para o sobre B nos apartados 6A e 7A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do “X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11812-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	99,60

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.L., o día 5 de xuño de 2024, que presenta a documentación requirida o 10 de xuño de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da licitadora así como o apoderamento do seu representante e os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e TGSS.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (178.572,54 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo C, subgrupo 4, categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (180.060,65 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo C, subgrupo 4, categoría 5.
- Seguro de caución por un importe de 7.440,52 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 14 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 27 de maio de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 4 de xuño de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 4 de xuño de 2024, de REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. en virtude dos apartados 6A e 7A do Anexo I (FEC) e a cláusula 14.3.B) do PCAP que indica que “A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias: (...) A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6A das FEC.”, xa que a licitadora presenta dous documentos nos que declara, por un lado, que “(...) NO PRESENTA MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCION TECNICA DA OBRA PARA LA OFERTA (...)” e, por outro, que “(...) NO PRESENTA PLAN DE AFORRO ENERXETICO E PROGRAMA DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS PARA LA OFERTA (...)” sendo a Memoria Construtiva e o Plan de Aforro Enerxético e Programa de Actuacións Medioambientais, o contido establecido para o sobre B nos apartados 6A e 7A do Anexo I (FEC) do PCAP.*
2. *Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do “X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (11812-307) por un prezo total do contrato de 174.658,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.312,69 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(444).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E RESPONSABLE DOS CONTRATOS RELACIONADOS COA ORGANIZACIÓN DOS EVENTOS DO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 10155/335.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

Visto o informe de fiscalización do 14/06/2024 sométese a aprobación a PROPOSTA da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de maio de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Declarar a urxencia da tramitación do procedemento debida a proximidade dos eventos obxecto do Servizo de Asistencia a contratar.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de Festas.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 24 de maio de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 41.336,88 €, sendo o valor estimado do contrato de 179.192,17 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” e as seguintes anualidades:

- ano 2024: 33.069,50 €
- ano 2025: 8.267,38 €

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 10 de xuño de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xuño de 2024, de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 22,5 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 22,5 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.”)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SACAFERRO, S.L.	90,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L., o día 10 de xuño de 2024, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, a tarxeta de identificación fiscal e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (125.434,52 €), presentan o modelo 200 (tributo de sociedades) do ano 2022 no que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (28.935,82 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2023 supera esta cantidade.
- Xustificante de transferencia por un importe de 1.708,14 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SACAFERRO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SACAFERRO, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 7 de xuño de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 10 de xuño de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xuño de 2024, de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 22,5 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 22,5 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.”)*
2. *Adxudicar a SACAFERRO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 39.515,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.858,14 € euros.*
 - b) *O prezo sen IVE da parte fixa do contrato o de 31.088,07 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 6.528,49 euros, o que supón un prezo total do contrato de 37.616,56 euros.*
 - c) *A porcentaxe única de desconto a aplicar aos presos consignados no apartado 3.G das FEC é do 9 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(445).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 1 DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS. EXPTE. 10062/335.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 14/06/2024, que di o seguinte:

e) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) (Lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)

Segundo.- O 26 de abril de 2024 publicouse o anuncio no perfil de contratante, rematando o prazo de presentación de proposicións o 27 de maio de 2024.

Terceiro.- Durante o prazo concedido presentáronse 2 proposicións segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 28 de maio de 2024:

- a) PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1)
- b) NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (Lotes 1 e 2)

A licitadora NURIA BALBOA RODRÍGUEZ presentou unha proposición aos lotes 1 e 2 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 27 de maio de 2024 ás 23:36 horas e outra proposición aos mesmos lotes a través do Rexistro Xeral (documentos nº 240161726 e 240161729 a 240161746), tal e como se indica no citado certificado, os días 27 e 28 de maio de 2024, sen encriptar.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 28 de maio de 2024, acordou non admitir a NURIA BALBOA RODRÍGUEZ nos lotes 1 e 2 por ter presentado dúas

proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 LCSP e cláusula 13.4 do PCAP “Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (..) A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.”). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 13.5 do PCAP).

Quinto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 10 de xuño de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de maio de 2024, de NURIA BALBOA RODRÍGUEZ nos lotes 1 e 2 por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 LCSP e cláusula 13.4 do PCAP “Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (..) A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.”). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 13.5 do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L.	97,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Sexto.- A anterior resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1) o 10 de xuño de 2024 que presenta documentación, dentro do prazo concedido.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1697/1102

Sétimo.- Revisada a documentación presentada pola licitadora, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 14 de xuño de 2024, acordou propoñer, ao órgano de contratación, a declaración de deserto do lote 1 deste procedemento ao non poder acreditar o licitador clasificado en primeiro e único lugar, PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L., a solvencia económica e financeira nin a solvencia técnica e profesional esixidas nos apartados 5B) e 5C), respectivamente, do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento, tal e como reflicte a documentación e as propias declaracións presentadas polo propio licitador.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Segundo.- Dado que na sesión do 14 de xuño de 2024, a Mesa comprobou a documentación do licitador clasificado en primeiro e único lugar, PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L., e que este non acredita (e declara non poder facelo) a solvencia económica e financeira nin a solvencia técnica e profesional esixidas nos apartados 5B) e 5C), respectivamente, do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento, procede declarar deserto o devandito lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) porque o único licitador admitido no mesmo non pode acreditar a solvencia económica e financeira nin a solvencia técnica e profesional esixidas nos apartados 5B) e 5C), respectivamente, do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento, procede declarar deserto o devandito lote.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez